

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

8053 *Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.*

A aprobación da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, supuxo a incorporación ao dereito español de importantes novidades no ámbito da contratación pública. Boa parte delas proceden do dereito comunitario europeo, tanto das directivas que establecen as normas de harmonización das lexislacións dos Estados membros con respecto aos procedementos de adxudicación dos contratos públicos, como doutras iniciativas lexislativas ou políticas dos órganos da Unión Europea ou mesmo da propia práctica das lexislacións vixentes nos diferentes Estados europeos.

A introdución destas novidades, así como as modificacións da lexislación vixente no momento de se promulgar a nova Lei 30/2007, do 30 de outubro, determinan a necesidade de adaptar as normas regulamentarias en vigor ao novo réxime legal. Boa parte das novas institucións que se incorporan ao noso dereito da contratación pública e das reformas do dereito vixente que incorpora a lei poden ser obxecto de desenvolvemento regulamentario sen necesidade de forzar os prazos exixidos pola elaboración dunha norma de tanta complexidade técnica como é o Regulamento de desenvolvemento da Lei de contratos do sector público.

Tal é o caso da maioría das novas figuras procedementais recollidas no texto legal, cuxa implementación no noso ordenamento xurídico ou ben non require dunha especial regulación regulamentaria dada a súa extensa regulación na Lei de contratos do sector público, ben a súa aplicación inmediata non é unha exixencia ineludible da actividade contractual dos distintos poderes de adxudicación, polo que é recomendable que o seu desenvolvemento se leve a cabo mediante a aprobación dunha norma regulamentaria completa. O mesmo pode dicirse con respecto a algunhas das modificacións que a nova lei introduce con respecto á normativa anteriormente vixente.

Non obstante isto, hai materias, entre as reguladas pola Lei 30/2007, do 30 de outubro, cuxo desenvolvemento regulamentario é claramente aconsellable levalo a efecto do modo máis inmediato posible co dobre obxectivo de posibilitar a posta en práctica de tales modificacións e ao mesmo tempo permitir o cumprimento dos obxectivos propostos a través delas.

Bo exemplo disto é o que fai referencia aos fins de redución da carga administrativa que pesa sobre os órganos de contratación e sobre os propios licitadores no momento de participaren nos procedementos de adxudicación. Este é un dos fins que se propón de modo expreso na Lei de contratos do sector público, tal como pon de manifesto na súa exposición de motivos ao dicir «obrigadamente, a nova Lei 30/2007, do 30 de outubro, vén tamén a efectuar unha revisión xeral da regulación da xestión contractual, co fin de avanzar na súa simplificación e racionalización, e diminuír os custos e cargas que recaen sobre a entidade contratante e os contratistas particulares».

A Lei 30/2007, do 30 de outubro, trata de lograr esta finalidade a través de diferentes mecanismos; deles, os principais refírense ao sistema de clasificación de contratistas, aos modos de acreditación dos requisitos de aptitude e aos procedementos de adxudicación, neste último caso elevando os límites cuantitativos a partir dos cales é obrigado acudir aos procedementos ordinarios de adxudicación.

Xunto a estas reformas, a Lei 30/2007, do 30 de outubro, contén algúns preceptos cuxa regulación regulamentaria é conveniente efectuar tamén coa máxima celeridade posible, tendo en conta a inmediatez da súa aplicación nas licitacións que se convoquen, así como das dúbidas que pode esta suscitar en razón da novidade que a súa aplicación supón para a práctica contractual dos organismos públicos.

Como consecuencia de todo isto, o real decreto regula determinados aspectos da clasificación das empresas contratistas, o Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas, a valoración dos criterios de apreciación subxectiva, especialmente cando se deba facer a través do comité de expertos ou organismo independente a que se refire o artigo 134.2 da Lei de contratos do sector público, as mesas de contratación que se constitúan no ámbito das administracións públicas e as comunicacións ao Rexistro Oficial de Contratos.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Economía e Facenda, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de maio de 2009,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Clasificación de empresas

Sección 1.^a Solvencia económico-financeira para a clasificación de empresas

Artigo 1. Criterios técnicos de solvencia económica e financeira.

1. A determinación da solvencia económica e financeira para efectos da clasificación efectuarase da seguinte maneira:

a) A das sociedades como empresas contratistas de obras ou como empresas de servizos exixirá que o importe do seu patrimonio neto, segundo o balance das contas anuais aprobadas e presentadas no rexistro mercantil correspondentes ao último exercicio finalizado, e, no seu defecto, das correspondentes ao último exercicio cuxo período de presentación finalizase, supere o importe mínimo establecido na lexislación mercantil para non incurrir en causa de disolución.

b) A determinación da solvencia económica e financeira dos empresarios que sexan persoas físicas para a súa clasificación como empresas contratistas de obras ou como empresas de servizos efectuarase cos mesmos criterios que para as sociedades, substituíndose o criterio de determinación do importe mínimo do seu patrimonio neto polo de que este non sexa inferior á metade da cifra establecida pola lexislación mercantil como importe mínimo do capital social para as sociedades de responsabilidade limitada, podendo substituírse os datos das súas contas anuais presentadas no rexistro mercantil polas que figuren no seu libro de inventarios e contas anuais, debidamente legalizado, cando o empresario non estea inscrito no dito rexistro mercantil e non estea obrigado a isto.

c) A solvencia económica e financeira dos profesionais que non teñan a condición de empresarios, para os efectos da súa clasificación como empresas de servizos naqueles subgrupos cuxo contido se cinga ao exercicio dunha actividade profesional regulada, acreditarase mediante a disposición dun seguro de indemnización por riscos profesionais cuxa cobertura sexa de importe non inferior á anualidade media dos contratos aos cales cada categoría de clasificación permite acceder, ou ao importe a que por razón da súa profesión ou actividade estea legalmente obrigado, se é superior.

d) A determinación da solvencia económica e financeira das entidades non mercantís que soliciten a súa clasificación como empresas contratistas de obras ou como empresas de servizos efectuarase cos mesmos criterios que para as sociedades, substituíndose o criterio de determinación do importe mínimo do seu patrimonio neto polo de que este non sexa inferior á metade da cifra establecida pola lexislación mercantil como importe mínimo do capital social para as sociedades de responsabilidade limitada, ou ao importe mínimo exixido nos seus estatutos ou na normativa aplicable á entidade, se algún deles fose superior. As referencias ao rexistro mercantil entenderanse realizadas ao rexistro público que legalmente lles corresponda.

2. En todo caso, as entidades obrigadas a auditar as súas contas, así como as que por calquera circunstancia as sometesen a auditoría, deberán incluír coas súas contas o

correspondente informe de auditoría, cuxos resultados e manifestacións serán tidos en conta para a súa interpretación para os efectos de clasificación da entidade ou revisión dela.

3. Sen prexuízo da obriga de remisión de contas ou libros de contabilidade a que as empresas clasificadas ou que solicitan clasificación están sometidas como condición para obter ou manter a súa clasificación, os órganos competentes para a tramitación dos expedientes de clasificación poderán, en todo momento, demandar dos correspondentes rexistros públicos a información relativa a estas contas anuais que resulte necesaria para a comprobación do cumprimento dos requisitos de clasificación en materia de solvencia económica e financeira das empresas clasificadas ou que soliciten clasificación.

Artigo 2. *Xustificación do mantemento da solvencia económica e financeira das empresas clasificadas.*

1. De conformidade co disposto no punto 2 do artigo 59 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, e para os efectos de acreditar o mantemento da solvencia económica e financeira, os empresarios persoas xurídicas deberán presentar, con carácter anual, unha declaración responsable, segundo o modelo que, para tal efecto, aprobe a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, e na cal constarán, polo menos, os seguintes datos, relativos ás contas anuais correspondentes ao último exercicio cuxo período de presentación finalizase:

Denominación e identificación da entidade clasificada.

Nome, identificación e data de nomeamento do administrador que asina a declaración.

Datas de cerramento, de aprobación e de presentación no rexistro mercantil ou no rexistro oficial que corresponda das contas obxecto da declaración.

Identificación do rexistro mercantil ou rexistro oficial que corresponda, en que se efectuou a presentación das contas para a súa inscrición.

Importes do capital social, do patrimonio neto, do resultado do exercicio e do total activo da entidade que figuran nesas contas.

Se é o caso, mención relativa á súa inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado, ou no da comunidade autónoma que outorgou a clasificación cuxo mantemento se pretende.

2. Os empresarios individuais que se encontren inscritos como tales no rexistro mercantil deberán cubrir a mesma declaración e satisfacer os mesmos requisitos referidos no punto 1 deste artigo. Os que non figuren inscritos no rexistro mercantil deberán presentar ante o órgano competente para a tramitación dos expedientes de clasificación o seu libro de inventarios e contas anuais legalizado polo rexistro mercantil, nos mesmos prazos sinalados para a presentación da declaración responsable das persoas xurídicas a que se fai referencia no punto 1.

3. Os profesionais que non teñan a condición de empresarios deberán presentar unha declaración responsable, segundo o modelo que, para tal efecto, aprobe a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, de que a póliza de seguro de indemnización por riscos profesionais continúa vixente, facendo constar os seus datos básicos e o importe da cobertura.

4. A declaración formularase perante o órgano competente para a tramitación dos expedientes de clasificación antes do día 1 de setembro de cada ano, cando o exercicio contable coincida co ano natural, ou antes do inicio do noveno mes posterior á data de cerramento do exercicio, no caso de que este non coincida co ano natural.

Este órgano verificará a exactitude e veracidade dos datos achegados, e poderá requirirle á empresa a achega das contas anuais ou documentos orixinais completos, ou solicitalos dos correspondentes rexistros públicos.

5. Cuberta a declaración a que se refire o punto anterior e verificada a exactitude e veracidade dos datos declarados, os empresarios que acrediten o mantemento da solvencia

económica e financeira requirida para a obtención de clasificación nos subgrupos e coas categorías posuídas manterán esas clasificacións nos termos en que foron acordadas.

Artigo 3. Comprobación dos datos de solvencia económica e financeira das empresas clasificadas.

Os órganos competentes para a tramitación dos expedientes de clasificación poderán requirirles, en calquera momento, aos empresarios clasificados a presentación das súas contas anuais ou, se é o caso, dos seus libros de inventarios e contas anuais debidamente legalizados ou da documentación acreditativa do seu seguro de indemnización por riscos profesionais, co obxecto de verificar o mantemento da súa solvencia económica e financeira. A non achega en tempo e forma dos documentos requiridos será equivalente á non acreditación da súa solvencia económica e financeira e dará lugar á iniciación de expediente de revisión de clasificación.

Sección 2.^a Revisión de clasificacións

Artigo 4. Revisión de oficio de clasificacións por causas relativas á solvencia económica e financeira.

1. O órgano competente para a tramitación dos expedientes de clasificación iniciará expediente de revisión de clasificacións outorgadas nos seguintes supostos:

a) Cando unha empresa clasificada non presentase no prazo establecido a declaración a que fai referencia o artigo 2.

b) Cando, téndoa achegado, non quede acreditada a presentación das súas contas no rexistro mercantil ou rexistro oficial correspondente, ou a do seguro de indemnización por riscos profesionais a que se refire o punto 3 do artigo 1.

c) Se os documentos mencionados nos dous supostos anteriores poñen de manifesto unha solvencia económica e financeira insuficiente de acordo cos requisitos mínimos exixidos no dito artigo.

2. No caso de que durante a tramitación do expediente a empresa acredite a súa solvencia nos termos exixidos no punto 1 do artigo 1, pero o seu patrimonio neto non alcance os limiares exixidos para a obtención dalgunha das categorías que posúe, a comisión de clasificación acordará a revisión das súas clasificacións, reducindo as súas categorías ás máximas correspondentes ao patrimonio neto acreditado pola empresa segundo o establecido nos citados artigos, sen que proceda o exame ou revisión dos factores relativos á súa solvencia técnica ou profesional.

As mesmas regras serán de aplicación aos profesionais a que se refire o punto 3 do artigo 1, substituíndose as contas anuais pola póliza de seguro de indemnización por riscos profesionais a que se refire ese punto.

3. Procederase do mesmo modo no caso de que o empresario non presente a documentación a que fai referencia o artigo 3, concretando o requirimento a que se refire o punto 3 do artigo seguinte aos documentos necesarios para acreditar a súa solvencia económica e financeira.

4. O órgano competente para a tramitación dos expedientes de clasificación poderá iniciar de oficio expediente de revisión das clasificacións acordadas en canto teña coñecemento da existencia de circunstancias que poidan diminuír as condicións de solvencia que serviron de base á clasificación concedida. Para este efecto, os órganos de contratación deberán informar a Xunta destas circunstancias se tiveren coñecemento delas.

5. En todo caso, o empresario está obrigado a pór en coñecemento do órgano competente en materia de clasificación calquera variación nas circunstancias que fosen tidas en conta para concedela que poida dar lugar a unha revisión dela. A omisión desta comunicación fará incorrer o empresario na prohibición de contratar prevista na letra e) do punto 1 do artigo 49 da Lei 30/2007, do 30 de outubro.

Artigo 5. Expedientes de revisión de clasificacións por causas relativas á solvencia económica e financeira.

Os expedientes de revisión de clasificación por causas relativas á solvencia económica e financeira tramitaranse de acordo co procedemento para a obtención de clasificación previsto no artigo 47 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, coas seguintes particularidades:

1. Os expedientes de revisión de clasificación abrangerán a totalidade dos subgrupos en que figuren con clasificación en vigor, tanto de obras como de servizos.

2. Os expedientes de revisión iniciados de oficio por causa de diminución da solvencia económica e financeira poderanse tramitar tendo en conta, ademais dos que xa figuren no expediente, os datos adicionais que o órgano instrutor considere necesario incorporar.

3. Para este efecto, cando unha empresa clasificada non presentase no prazo establecido a declaración a que fai referencia o artigo 2 ou cando, téndoa presentado, non quede acreditada a presentación das súas contas no rexistro mercantil ou rexistro oficial correspondente, con carácter previo á iniciación do expediente o órgano competente para a tramitación dos expedientes de clasificación formulará requirimento co fin de que a achegue nun prazo de dez días xunto coas contas presentadas e o xustificante da súa presentación no dito rexistro, con apercibimento de que, transcorrido o prazo sen cumprir este requirimento, se iniciará expediente de revisión de clasificación.

Practicarase idéntico requirimento cando o empresario que desenvolva unha actividade profesional non presentase a declaración exixida polo artigo 2 ou esta non acreditase todas as mencións exixidas nel.

4. Nos expedientes de revisión iniciados de oficio darase, con carácter previo á proposta de resolución do procedemento, audiencia por un prazo de quince días ao empresario cuxa clasificación se revisa e a calquera outro interesado no procedemento, co fin de que poidan formular as alegacións e presentar as probas que coiden pertinentes para a defensa dos seus dereitos.

Artigo 6. Informes e propostas de resolución.

Para a elaboración das propostas de resolución dos expedientes de clasificación e revisión de clasificacións que o precisen poderase solicitar informe dos departamentos ministeriais, organismos e entidades que se considere conveniente. Unha vez tramitado o expediente, o órgano competente para a tramitación dos expedientes de clasificación elaborará proposta de resolución, que someterá á decisión da comisión de clasificación correspondente. No caso de que un expediente afecte clasificacións de obras e de servizos dunha mesma empresa, a resolución deberá ser adoptada conxuntamente por ambas as comisións de clasificación.

Artigo 7. Recursos.

Os acordos relativos á clasificación das empresas adoptados polas comisións de clasificación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado poderán ser obxecto de recurso de alzada ante o ministro de Economía e Facenda. Os adoptados polos órganos competentes das comunidades autónomas poderán ser obxecto de recurso de alzada ante o respectivo órgano superior xerárquico.

A tramitación destes recursos efectuarase de acordo co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

CAPÍTULO II

O Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado

Sección 1.^a Normas xerais

Artigo 8. *Réxime organizativo.*

1. O Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado depende do Ministerio de Economía e Facenda, a través da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.

2. O Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado estará a cargo da Subdirección Xeral de Clasificación de Contratistas e Rexistro de Contratos como órgano de apoio técnico da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado.

3. O Rexistro terá carácter electrónico, e faranse constar en formato electrónico os datos que deban acceder a el, así como, se é o caso, a dixitalización dos documentos en soporte papel en que consten, debendo adoptarse, neste proceso, as medidas necesarias para evitar a súa alteración, así como a súa manipulación unha vez que se incorporasen a el.

Artigo 9. *Clases de inscricións.*

1. As inscricións que se practiquen no Rexistro poderán ser voluntarias ou obrigatorias.

2. Será obrigatoria a inscrición da clasificación das empresas contratistas e a das prohibicións de contratar nos casos especificados no artigo 50.4 da Lei de contratos do sector público.

3. En todos os casos non previstos no punto anterior a inscrición será voluntaria.

Sección 2.^a Inscricións obrigatorias

Artigo 10. *Inscrición da clasificación.*

No Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado inscribírase obrigatoriamente:

- a) A clasificación outorgada a cada empresario.
- b) As modificacións da clasificación tanto se supoñen o recoñecemento de novos grupos ou subgrupos como se implican redución destes. Faranse constar igualmente as modificacións que consistan no aumento ou redución das categorías en que a empresa estivese clasificada.
- c) A revogación das clasificacións recoñecidas.

Artigo 11. *Práctica da inscrición da clasificación.*

A inscrición da clasificación de cada empresa, así como a constancia de cada unha das modificacións que experimente, faraa de oficio a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa como trámite de execución da resolución ditada no expediente tramitado para tal efecto.

Para tal fin, cando, con respecto á empresa de cuxa clasificación se trate, non constasen inscritas no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado as circunstancias a que se refiren as alíneas a) e c) do artigo 15.2, inscribíranse estas de oficio, tomando como base os documentos adecuados para isto e que se presentasen ao procedemento de clasificación.

Artigo 12. *Inscrición das prohibicións de contratar.*

Inscribíranse tamén no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado as prohibicións de contratar, citadas no artigo 50.4 da Lei de contratos do sector público, con expresión da data en que se acordaron, a causa legal que as motiva, a súa duración e a extensión dos seus efectos.

Artigo 13. *Práctica da inscrición.*

1. As inscricións a que se refire o artigo anterior serán practicadas de oficio pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, da seguinte forma:

a) Nos casos en que a prohibición se acorde por resolución xudicial que se pronuncie tamén sobre o seu alcance e duración, a inscrición practicarase con base no testemuño da resolución que se remitise ao Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado.

b) Naqueles casos en que a prohibición así como a súa duración e alcance, ou estes dous últimos soamente, se acorden en virtude de resolución do ministro de Economía e Facenda ou do órgano competente doutra administración pública, na mesma resolución ordenarase a inscrición no rexistro, que se practicará sen máis trámites.

2. Practicada a inscrición da prohibición, darase traslado dela a todos os rexistros oficiais de licitadores establecidos polas comunidades autónomas co fin de que poidan facela constar nel.

Artigo 14. *Efectos da inscrición das prohibicións de contratar.*

Non producirán efectos, ata a súa constancia no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado, as prohibicións de contratar acordadas nos seguintes supostos:

a) Aquelas que se acorden mediante resolución administrativa, ou por resolución desta mesma natureza se estableza a súa duración e alcance, respecto das persoas que fosen condenadas en virtude de sentenza firme por delitos de asociación ilícita, corrupción en transaccións económicas internacionais, tráfico de influencias, suborno, fraudes e exaccións ilegais, delitos contra a Facenda Pública e a Seguranza Social, delitos contra os dereitos dos traballadores, malversación e receptación e condutas afíns, delitos relativos á protección do ambiente, ou a pena de inhabilitación especial para o exercicio de profesión, oficio, industria ou comercio a que se refire a alínea a) do artigo 49.1 da Lei de contratos do sector público.

b) As que se adopten respecto de empresarios por ter sido sancionados con carácter firme, de conformidade co artigo 49.1.c) da Lei 30/2007, do 30 de outubro, por infracción grave en materia de disciplina do mercado, en materia profesional ou en materia de integración laboral e de igualdade de oportunidades e non-discriminación das persoas con discapacidade ou por infracción moi grave en materia social, incluídas as infraccións en materia de prevención de riscos laborais, de acordo co disposto no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, ou en materia ambiental, de acordo co establecido nas seguintes disposicións: Real decreto legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos; na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas; a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade; na Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases; na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos; no texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xuño, e na Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.

c) As acordadas, a teor do establecido no artigo 49.1.e) da Lei 30/2007, do 30 de outubro, por ter incorrido o empresario en falsidade ao efectuar a declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar ou ao facilitar calquera outro dato relativo á súa capacidade e solvencia, ou ter incumplido, por causa que lle sexa imputable, a obriga de comunicar calquera variación nas circunstancias que fosen tidas en conta para conceder a clasificación e que poida dar lugar a unha revisión dela, así como as que afecten os datos reflectidos no Rexistro Oficial de Licitadores e a superveniencia de calquera circunstancia que determine a concorrencia dunha prohibición de contratar.

d) As acordadas, en virtude do disposto no artigo 49.2 da Lei de contratos do sector público, nos seguintes casos:

1.º Con respecto aos empresarios que desen lugar, por causa da cal fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado cunha Administración pública.

2.º Cando o empresario licitador infrinxise unha prohibición para contratar con calquera das administracións públicas.

3.º Sempre que se trate de licitadores afectados por unha prohibición de contratar imposta en virtude de sanción administrativa, de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, ou na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

4.º Cando o licitador afectado retirase indebidamente a súa proposición ou candidatura nun procedemento de adxudicación, ou imposibilitase a adxudicación definitiva do contrato ao seu favor por non presentar a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos a que se refire o artigo 135.4 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, ou non constituír a garantía que, se é o caso, sexa procedente dentro do prazo sinalado mediando dolo, culpa ou negligencia.

5.º Naqueles casos en que o empresario incumprise as condicións especiais de execución do contrato establecidas de acordo co sinalado no artigo 102 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, cando o dito incumprimento fose definido nos pregos ou no contrato como infracción grave de conformidade coas disposicións de desenvolvemento desta lei, e concorra dolo, culpa ou negligencia no empresario.

Sección 3.ª Inscricións voluntarias

Artigo 15. Actos inscribíbles voluntariamente.

1. Poderán solicitar a súa inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado tanto as persoas físicas que teñan a condición de empresarios ou profesionais como as xurídicas, nacionais ou estranxeiras.

2. Sen prexuízo da constancia rexistral dos actos a que se refire a sección anterior, as persoas indicadas no punto anterior poderán solicitar a inscrición dos seguintes actos:

a) Os correspondentes á súa personalidade e capacidade de obrar, no caso de persoas xurídicas.

b) Os relativos á extensión das facultades dos representantes ou apoderados con capacidade para actuar no seu nome e obrígala contractualmente.

c) Os referentes ás autorizacións ou habilitacións profesionais e aos demais requisitos que resulten necesarios para actuar no seu sector de actividade.

d) Os datos relativos á solvencia económica e financeira que se especifican no artigo seguinte, que se reflectirán de forma independente se o empresario carece de clasificación.

Artigo 16. Circunstancias das inscricións voluntarias.

1. A inscrición dos datos correspondentes á personalidade e capacidade de obrar do empresario persoa xurídica deberá conter as seguintes circunstancias, referidas ao momento en que se efectúa a solicitude de inscrición:

1.º Denominación ou razón social do empresario.

2.º Nacionalidade.

3.º Rexistro mercantil ou rexistro oficial en que están inscritos.

4.º Tipo de entidade e forma xurídica.

5.º Domicilio social.

6.º Obxecto social.

7.º Códigos de identificación do empresario. No caso de empresarios españois, incluírase, en todo caso, o número de identificación fiscal como código de identificación. No caso de empresarios estranxeiros, incluírase o número de identificación fiscal que lles sexa asignado pola Administración xeral do Estado en virtude do previsto na disposición adicional sexta da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e nas súas disposicións

de desenvolvemento regulamentario, así como o código oficialmente asignado ou aceptado para a súa identificación de acordo coa normativa de aplicación no seu país de residencia.

8.º Administradores ou órganos de administración.

2. A inscrición de empresarios individuais deberá conter as seguintes circunstancias, referidas ao momento en que se efectúa a solicitude de inscrición:

1.º Nome do empresario.

2.º Nacionalidade.

3.º País de establecemento, se for distinto do da súa nacionalidade.

4.º Rexistro mercantil en que está inscrito, se é o caso.

5.º Domicilio.

6.º Códigos de identificación do empresario. No caso de empresarios españois incluírase, en todo caso, o número de identificación fiscal como código de identificación. No caso de empresarios estranxeiros incluírase o número de identificación fiscal que lles sexa asignado pola Administración xeral do Estado en virtude do previsto na disposición adicional sexta da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e nas súas disposicións de desenvolvemento regulamentario, así como o código oficialmente asignado ou aceptado para a súa identificación de acordo coa normativa de aplicación no seu país de residencia, e, no seu defecto, o seu número de pasaporte. No caso de empresarios estranxeiros residentes en España incluírase o seu número de identidade de estranxeiro (NIE) como código de identificación deles.

3. Poderán facerse constar, así mesmo, as facultades dos órganos de administración da persoa xurídica cando non veñan determinadas legalmente, así como os datos de identificación das persoas que os exerzan, con indicación da duración do cargo, o seu carácter solidario ou mancomunado cando os exerzan varios e as limitacións cuantitativas, territoriais ou doutra índole que lles poidan afectar.

4. A inscrición dos poderes outorgados polo empresario, tanto se é empresario individual como persoa xurídica, e as delegacións feitas polos órganos de administración da persoa xurídica en favor dalgún dos seus membros terán por obxecto facer constar, ademais dos datos de identificación do apoderado, as facultades que teña outorgadas relativas á contratación, así como o carácter solidario ou mancomunado do poder cando sexan varios os apoderados e as limitacións cuantitativas, territoriais ou doutra índole que lle poidan afectar.

5. A inscrición dos datos relativos á solvencia económica e financeira do empresario poderá reflectir, entre outras, as seguintes circunstancias:

a) Cifras das últimas contas anuais da entidade, aprobadas e presentadas no rexistro mercantil ou no rexistro oficial que corresponda. No caso de empresarios individuais non inscritos no rexistro mercantil poderanse inscribir as que figuren no seu libro de inventarios e contas anuais debidamente legalizado.

b) Cifra do volume global de negocios, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario. Transcorridos tres anos sen que os datos a que se refire este punto se actualizasen, poderase cancelar de oficio e sen máis trámites o asento que os conteña.

c) Póliza ou certificado do seguro de indemnización por riscos profesionais, cando se trate de profesionais que non teñan a condición de empresarios, con expresión da entidade aseguradora, dos riscos cubertos, do límite ou límites de responsabilidade da aseguradora e da data de vencemento do seguro.

Artigo 17. *Práctica das inscricións voluntarias.*

1. A inscrición, cando sexa voluntaria, solicitarase mediante escrito dirixido á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, no modelo que para tal efecto se estableza, no cal se expresarán todas as circunstancias que se queiran facer constar no rexistro, acompañadas dos xustificantes que as acrediten.

2. Para efectos do disposto no punto anterior, as empresas que soliciten a inscrición deberán presentar, en función das circunstancias cuxa inscrición soliciten, a seguinte documentación:

1.º Cando se trate de sociedades anónimas ou de responsabilidade limitada, a escritura de constitución e as escrituras de modificación que se outorgasen con posterioridade e reflectan de modo actualizado as circunstancias cuxa inscrición soliciten.

2.º Se se trata doutras persoas xurídicas, os documentos constitutivos e os que conteñan os estatutos por que se rexan, así como as modificacións que deles se efectuasen que reflectan de modo actualizado as circunstancias cuxa inscrición soliciten.

3.º As persoas físicas presentarán o documento nacional de identidade ou, no suposto de estranxeiros, a documentación equivalente que acredite a identidade, nacionalidade e domicilio do interesado, xunto co resto da documentación acreditativa da súa capacidade de obrar, que sexa necesaria segundo as circunstancias, en particular a de natureza tributaria e a que acredite a alta no réxime correspondente da Seguranza Social.

4.º Os nomeamentos dos administradores, as delegacións de facultades e os poderes outorgados para contratar cos entes que formen parte do sector público.

5.º As contas anuais do seu último exercicio, aprobadas e presentadas no rexistro mercantil ou no rexistro oficial que corresponda. No caso de empresarios individuais non inscritos no rexistro mercantil nin obrigados a isto, os libros de contabilidade debidamente dilixenciados.

3. En todo caso, para a inscrición dos actos previstos nas alíneas b) e seguintes do artigo 15.2, será preciso que, previa ou simultaneamente, se practicase a inscrición dos datos correspondentes á súa personalidade e capacidade de obrar.

4. Todos os documentos que se presenten ou as súas copias deberán ser legalmente aptos para acreditar os extremos contidos neles. Cando os documentos deban estar inscritos, de acordo coas disposicións en vigor, no rexistro mercantil ou en calquera outro rexistro oficial deberá acreditarse, igualmente, esta circunstancia.

5. Os títulos e documentos referentes ás autorizacións ou habilitacións profesionais e aos demais requisitos que resulten necesarios para actuar nun sector de actividade de que dispoñan as empresas inscribíranse mediante a achega do documento orixinal ou copia autorizada del.

6. Os datos relativos á personalidade e á capacidade de obrar das empresas estranxeiras de orixe comunitaria, así como a designación dos cargos que exerzan a súa administración e o outorgamento de poderes inscribíranse mediante os documentos que acrediten de modo fidedigno a súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos.

Cando non sexa posible acreditarlos na forma anteriormente indicada, poderase inscribir unha declaración responsable ou un certificado expedido, de conformidade coa lexislación interna do país de orixe ou da lexislación comunitaria, que reúna os requisitos exixidos polas normas que regulan o carácter fidedigno en España dos documentos expedidos en países estranxeiros.

Nos casos en que a inscrición a solicite unha empresa estranxeira non comunitaria, esta deberá presentar a documentación acreditativa da súa personalidade e capacidade de obrar, da designación dos cargos que exerzan a súa administración ou dos poderes que teñan outorgados, de conformidade coa lexislación dos seus países de orixe, xunto coa certificación expedida pola oficina consular correspondente en que se faga constar a adecuación da documentación presentada ao dereito interno do país en cuestión.

7. Se a inscrición solicitada non se practicase no prazo de tres meses contados desde a súa solicitude ou desde que se cumprisen a totalidade dos requisitos necesarios para practicala, o solicitante poderaa considerar denegada para os efectos previstos no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 18. *Obrigas dos empresarios inscritos.*

1. Co obxecto de garantir a veracidade, exactitude, relevancia e actualidade da información inscrita no Rexistro, os empresarios inscritos con carácter voluntario teñen as seguintes obrigas en relación coas súas inscricións rexistradas:

a) Proporcionar información veraz, exacta e actualizada, nos modelos e formatos establecidos para o efecto, tanto para a súa inscrición inicial como empresarios como para a das circunstancias cuxa inscrición soliciten.

b) Presentar os documentos acreditativos dos datos e circunstancias cuxa inscrición soliciten.

c) Manter actualizada a información que consta no rexistro relativa ás súas circunstancias obxecto de inscrición, notificando as súas modificacións xunto cos xustificantes que as acreditan.

d) Manter actualizada a información relativa á súa solvencia económica ou financeira mediante a presentación dunha declaración co contido e nos termos previstos no artigo 2.1 deste real decreto, cando promovese e obtivese a inscrición das circunstancias relativas á mencionada solvencia.

2. A comunicación ao Rexistro de información incorrecta, inexacta ou desactualizada, así como a falta de comunicación das modificacións ou actualizacións producidas na información inscrita no Rexistro relativa a un empresario poderá dar lugar á cancelación dos asentos rexistrados afectados.

3. O Ministerio de Economía e Facenda velará pola veracidade e exactitude dos datos e inscricións do Rexistro. Para tal fin poderá solicitar tanto dos empresarios inscritos como dos rexistros públicos a información necesaria para a súa verificación, e poderá rectificar ou cancelar de oficio os asentos rexistrados cando quede acreditada a súa falta de correspondencia coa realidade.

Artigo 19. *Efectos da inscrición no Rexistro.*

1. A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a teor do reflectido nel e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e clasificación, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar que deban constar nel.

2. O contido do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado é público, e poden acceder a el todos aqueles que teñan interese lexítimo en coñecer os seus pronunciamentos, na forma prevista no artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. En todo caso, os datos de carácter persoal que consten no Rexistro estarán suxeitos ás limitacións para a súa difusión, así como á tutela e protección dos dereitos dos interesados que establece a Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 20. *Certificacións relativas ás inscricións.*

1. A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado permitirá substituír a presentación das documentacións a que se refire o artigo 130.1 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, mediante unha certificación expedida por el, xunto cunha declaración responsable formulada polo licitador na cal se manifeste que as circunstancias reflectidas no certificado non experimentaron variación. En todo caso, os órganos e mesas de contratación poderán comprobar que os datos e circunstancias que figuren na certificación seguen sendo coincidentes cos que recolla o Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas.

2. A certificación que expida o Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado deberá conter todos os datos que figuren nel de conformidade co establecido nos artigos 10, 12, 15 e 16.

3. O certificado mencionado no punto anterior poderá ser expedido electronicamente, se nos pregos ou no anuncio do contrato non se dispón o contrario. Cando os pregos ou o anuncio do contrato o prevexan, a incorporación do certificado ao procedemento poderá ser efectuado de oficio polo órgano de contratación ou por aquel ao cal corresponda o exame das proposicións, solicitándoo directamente ao Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas, sen prexuízo de que os licitadores deban presentar, en todo caso, a declaración responsable indicada no punto 1 anterior.

CAPÍTULO III

As mesas de contratación

Artigo 21. *Composición das mesas de contratación.*

1. Os órganos de contratación das administracións públicas estarán asistidos nos procedementos de adxudicación aberto, restrinxido e negociado con publicidade por unha mesa de contratación que será competente para a valoración das ofertas.

2. As mesas de contratación estarán compostas por un presidente, un secretario e, polo menos, catro vogais, todos eles designados polo órgano de contratación. Entre os vogais deberá figurar obrigatoriamente un funcionario dos que teñan encomendado o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un interventor ou, na falta de calquera destes, quen teña atribuídas as funcións correspondentes ao asesoramento xurídico ou ao control económico-orzamentario do órgano.

3. O secretario deberá ser un funcionario que preste os seus servizos no órgano de contratación. Cando non sexa posible designar un funcionario, farase a designación entre os doutro tipo de persoal que dependan do órgano de contratación.

4. A designación dos membros da mesa de contratación poderase facer con carácter permanente ou de maneira específica para a adxudicación de cada contrato.

A súa composición publicárase no perfil de contratante do órgano de contratación correspondente cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrar para a cualificación da documentación referida no artigo 130.1 da Lei 30/2007, do 30 de outubro.

Se é unha mesa permanente, ou se lle atribúen funcións para unha pluralidade de contratos, a súa composición deberase publicar ademais no «Boletín Oficial del Estado», no da comunidade autónoma ou no da provincia, segundo se trate da Administración xeral do Estado, da autonómica ou da local.

5. Ás reunións da mesa poderán incorporarse os funcionarios ou asesores especializados que resulten necesarios, segundo a natureza dos asuntos que se vaian tratar, os cales actuarán con voz pero sen voto.

6. Todos os membros da mesa terán voz e voto, excepción feita do secretario que só terá voz.

7. Para a válida constitución da mesa deberán estar presentes a maioría absoluta dos seus membros, e, en todo caso, o presidente, o secretario e os dous vogais que teñan atribuídas as funcións correspondentes ao asesoramento xurídico e ao control económico-orzamentario do órgano.

8. As disposicións contidas nos puntos anteriores serán aplicables, igualmente, ás mesas de contratación que se constitúan para intervir en procedementos de adxudicación en que non sexa preceptiva a súa constitución.

Artigo 22. *Funcións das mesas de contratación.*

1. Sen prexuízo das restantes funcións que lle atribúan a Lei de contratos do sector público e as súas disposicións complementarias, a mesa de contratación desempeñará as seguintes funcións nos procedementos abertos de licitación:

a) Cualificará as documentacións de carácter xeral acreditativas da personalidade xurídica, capacidade de obrar, apoderamento e solvencia económica, financeira, técnica e profesional dos licitadores e demais requisitos a que se refire o artigo 130.1 da Lei de contratos do sector público, así como a garantía provisional nos casos en que se exixise, comunicando aos interesados os defectos e omisións emendables que aprecie na documentación. Para tal fin reunirse coa antelación suficiente, logo de citar todos os seus membros.

b) Determinará os licitadores que deban ser excluídos do procedemento por non acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Abrirá as proposicións presentadas dando a coñecer o seu contido en acto público, salvo no suposto recollido no artigo 182.4 da Lei de contratos do sector público.

d) Cando o procedemento de valoración se articule en varias fases, determinará os licitadores que teñan que quedar excluídos por non superar o limiar mínimo de puntuación exixido ao licitador para continuar no proceso selectivo.

e) Valorará as distintas proposicións, nos termos previstos nos artigos 134 e 135 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, clasificándoa en orde decrecente de valoración; para este efecto poderá solicitar os informes técnicos que considere precisos de conformidade co previsto no artigo 144.1 da Lei de contratos do sector público.

f) Cando entenda que algunha das proposicións podería ser cualificada como anormal ou desproporcionada, tramitará o procedemento previsto para o efecto polo artigo 136.3 da Lei de contratos do sector público e, en vista do seu resultado, propondrá ao órgano de contratación a súa aceptación ou rexeitamento, de conformidade co previsto no punto 4 do mesmo artigo.

g) Fóra do caso previsto na letra anterior propondrá ao órgano de contratación a adxudicación provisional a favor do licitador que presentase a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación. Tratándose da adxudicación dos acordos marco, propondrá a adxudicación a favor dos licitadores que presentasen as ofertas economicamente máis vantaxosas. Naqueles casos en que, de conformidade cos criterios que figuren no prego, non resultase admisible ningunha das ofertas presentadas propondrá que se declare deserta a licitación. De igual modo, se durante a súa intervención apreciase que se cometeu algunha infracción das normas de preparación ou reguladoras do procedemento de adxudicación do contrato, poderao expor xustificadamente ao órgano de contratación, propoñéndolle que se declare a desistencia.

2. No procedemento restrinxido, a mesa de contratación examinará a documentación administrativa nos mesmos termos previstos no punto anterior. A selección dos solicitantes corresponderá ao órgano de contratación, quen poderá, non obstante, delegar na mesa esta función facéndoo constar no prego de cláusulas administrativas particulares. Unha vez feita a selección de candidatos e presentadas as proposicións, corresponderán á mesa de contratación as mesmas funcións establecidas nas alíneas c), d), e), f) e g) do parágrafo anterior.

3. No procedemento negociado, a mesa, nos casos en que interveña, cualificará a documentación xeral acreditativa do cumprimento dos requisitos previos a que se refire o artigo 130.1 da Lei de contratos do sector público e, unha vez concluída a fase de negociación, valorará as ofertas dos licitadores; para este efecto poderá pedir os informes técnicos que considere precisos, e propondrá ao órgano de contratación a adxudicación provisional.

Artigo 23. *Mesa de diálogo competitivo.*

1. A mesa especial constituída para as licitacións que leven a cabo polo procedemento de diálogo competitivo os órganos de contratación da Administración xeral do Estado estará composta polos mesmos membros a que se refire o artigo 21, aos cales se incorporarán, como membros con voz e voto, persoas con competencia técnica na materia a que se refira o contrato que vaia ser obxecto de licitación, designadas polo órgano de

contratación. O número destes membros non deberá ser inferior a tres nin representar menos da terceira parte dos membros da mesa.

2. A mesa de diálogo competitivo exercerá as seguintes funcións:

1.^a Con carácter previo á iniciación de calquera expediente de contrato de colaboración entre o sector público e o privado, a elaboración do documento de avaliación previa en que se poña de manifesto que: a) A Administración, por causa da complexidade do contrato, non está en condicións de definir, con carácter previo á licitación, os medios técnicos necesarios para alcanzar os obxectivos proxectados ou de establecer os mecanismos xurídicos e financeiros para levar a cabo o contrato; b) Se efectúe unha análise comparativa con formas alternativas de contratación que xustifiquen en termos de obtención de maior valor por prezo, de custo global, de eficacia ou de imputación de riscos, os motivos de carácter xurídico, económico, administrativo e financeiro que recomenden a adopción desta fórmula de contratación. O expediente de contratación no caso a que se refire este número iniciárase coa designación dos membros con competencia na materia sobre a cal verse o contrato para formar parte da mesa e o documento de avaliación elaborado por esta.

2.^a Na fase de selección de candidatos, a mesa de diálogo competitivo examinará a documentación administrativa nos mesmos termos previstos no artigo 22.2 para o procedemento restrinxido.

3.^a Durante o diálogo cos licitadores, os membros da mesa con competencia técnica na materia sobre a cal versa o contrato poderán asistir o órgano de contratación, por petición deste.

4.^a Se o procedemento se articula en varias fases, a mesa determinará o número de solucións susceptibles de seren examinadas na seguinte fase, tomando como fundamento o acordo que o órgano de contratación adoptase en tal sentido mediante a aplicación dos criterios indicados no anuncio de licitación ou no documento descritivo.

5.^a Unha vez determinada a solución ou solucións que deban ser adoptadas para a última fase do proceso de licitación polo órgano de contratación, propondrá que se declare a fin do diálogo, salvo aqueles casos en que tiver delegada a facultade para declarala por si mesma.

6.^a Valorará as distintas proposicións, nos termos previstos na Lei 30/2007, do 30 de outubro, clasificándoas en orde decrecente de valoración.

7.^a Poderá requirir o licitador cuxa oferta se considere economicamente máis vantaxosa para que aclare determinados aspectos desta ou ratifique os compromisos que nela figuran, sempre que con isto non se modifiquen elementos substanciais da oferta ou da licitación, se falsee a competencia ou se produza un efecto discriminatorio.

8.^a Propondrá ao órgano de contratación a adxudicación provisional a favor daquel dos licitadores que presentase a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa segundo proceda de conformidade co prego de condicións que rexa a licitación.

Artigo 24. *Mesa de contratación do sistema estatal de contratación centralizada.*

A mesa de contratación do sistema estatal de contratación centralizada estará presidida polo director xeral do Patrimonio do Estado, e será vicepresidente o subdirector xeral de Compras. Formarán parte dela como vogais: un representante do Ministerio da Presidencia, outro do Ministerio de Economía e Facenda e outro do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, o avogado do Estado que teña encomendado o asesoramento xurídico da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, o interventor delegado da Intervención Xeral da Administración do Estado no Ministerio de Economía e Facenda e dous funcionarios da citada dirección xeral nomeados pola directora xeral do Patrimonio do Estado. Actuará de secretario un funcionario da Subdirección Xeral de Compras.

Ás reunións da mesa poderanse incorporar os funcionarios ou asesores especializados que resulten necesarios, segundo a natureza dos asuntos que se vaian tratar, os cales actuarán con voz pero sen voto.

En función da orde do día que se vaia tratar en cada sesión, incorporaranse á reunión da mesa representantes dos departamentos ministeriais ou organismos interesados que actuarán con voz e voto.

CAPÍTULO IV

Aplicación de criterios de adxudicación que dependan dun xuízo de valor

Artigo 25. Órgano competente para a valoración.

Nos procedementos de adxudicación, aberto ou restrinxido, celebrados polos órganos das administracións públicas, a valoración dos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor corresponderá, nos casos en que proceda por ter atribuída unha ponderación maior que a correspondente aos criterios avaliábeis de forma automática, ben a un comité formado por expertos ben a un organismo técnico especializado.

Nos restantes supostos, a valoración será efectuada pola mesa de contratación, se intervén, ou polo órgano de contratación no caso contrario.

Artigo 26. Presentación da documentación relativa aos criterios de adxudicación ponderables en función dun xuízo de valor.

A documentación relativa aos criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor debe presentarse, en todo caso, en sobre independente do resto da proposición con obxecto de evitar o coñecemento desta última antes de que se efectuase a valoración daqueles.

Artigo 27. Apertura dos sobres.

1. Para estes efectos, a apertura de tales documentacións levarase a cabo nun acto de carácter público, cuxa celebración deberá ter lugar nun prazo non superior a sete días contados desde a apertura da documentación administrativa a que se refire o artigo 130.1 da Lei de contratos do sector público.

Para estes efectos, sempre que resulte precisa a emenda de erros ou omisións na documentación mencionada no parágrafo anterior, a mesa concederá para efectuala un prazo inferior ao indicado co obxecto de que o acto de apertura se poida celebrar dentro del.

2. Neste acto só se abrirá o sobre correspondente aos criterios non cuantificables automaticamente e entregaráselle ao órgano encargado da súa valoración a documentación contida nel; así mesmo, deixarase constancia documental de todo o actuado.

Artigo 28. Composición do comité de expertos.

1. Cando a avaliación a deba efectuar un comité formado por expertos, estes deberán ser como mínimo tres.

2. Sempre que sexa posible, os membros do citado comité deberán ser persoal ao servizo do departamento ministerial ou organismo contratante. En ningún caso poderán estar integrados no órgano que propoña a celebración do contrato.

3. Todos os membros do comité contarán coa cualificación profesional adecuada en razón da materia sobre a cal verse a valoración.

Artigo 29. Designación dos órganos que deban efectuar a valoración.

1. A designación dos membros do comité de expertos a que se refiren os artigos anteriores poderase facer directamente no prego de cláusulas administrativas particulares ou ben establecer neles o procedemento para efectuala.

2. Nos casos en que a valoración a deba facer un organismo técnico especializado, a designación deste deberá figurar igualmente no prego de cláusulas administrativas particulares e publicarse no perfil de contratante.

3. En ambos os casos, a designación deberase facer e publicar no perfil do contratante con carácter previo á apertura da documentación mencionada no artigo 27.

Artigo 30. *Práctica da valoración.*

1. Nos pregos de cláusulas administrativas particulares deberá constar a identificación do criterio ou os criterios concretos que se deban someter á valoración do comité de expertos ou do organismo especializado, o prazo en que estes deberán efectuar a valoración e os límites máximo e mínimo en que esta deberá ser cuantificada.

2. En todo caso, a valoración dos criterios cuantificables de forma automática efectuarase sempre con posterioridade á daqueles cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor.

3. A ponderación asignada aos criterios dependentes dun xuízo de valor darase a coñecer no acto público de apertura do resto da documentación que integre a proposición, salvo que nos pregos de cláusulas administrativas particulares se dispoña outra cosa en canto ao acto en que se deba facer pública.

CAPÍTULO V

Comunicacións ao Rexistro de Contratos do Sector Público

Artigo 31. *Contido das comunicacións ao Rexistro de Contratos do Sector Público.*

1. As comunicacións ao Rexistro de Contratos do Sector Público a que se refire o artigo 308 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, conterán os datos básicos dos contratos adjudicados que se establecen no anexo I deste real decreto.

2. Os órganos de contratación obrigados a efectuar estas comunicacións remitirán os datos antes de que finalice o primeiro trimestre do ano seguinte a aquel a que corresponda a información de cada exercicio.

Para os datos relativos á adxudicación dos contratos, a data de referencia para o cómputo do dito prazo será a de adxudicación definitiva do contrato. Para os datos relativos ás modificacións, prórrogas, variacións de prazos ou de prezo, a data de referencia será a da incidencia respectiva, salvo que se acumulen nunha soa comunicación todas as referidas a un mesmo contrato; neste caso a data de referencia será a da última incidencia comunicada. Para os datos relativos ao importe final e extinción do contrato a data de referencia será a desta.

3. As comunicacións efectuaranse por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, na forma que determine o ministro de Economía e Facenda de conformidade coas comunidades autónomas.

Disposición adicional única. *Uso de medios electrónicos, informáticos e telemáticos.*

Co obxecto de fomentar a axilidade, eficacia e eficiencia dos procedementos regulados neste real decreto, e de acordo co previsto nas disposicións adicionais décimo oitava e décimo novena da Lei 30/2007, do 30 de outubro, as comunicacións, requirimentos e notificacións previstos neste real decreto poderanse realizar por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

As certificacións dos asentos do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado poderán ser proporcionadas por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, con igual valor e efectos que as expedidas por medios convencionais.

Para tal efecto, e de acordo co previsto na disposición derradeira novena da Lei 30/2007, do 30 de outubro, o ministro de Economía e Facenda poderá establecer, mediante orde, as especificacións técnicas e modelos necesarios para a plena efectividade da práctica destas comunicacións, requirimentos, notificacións e certificacións por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

Disposición transitoria primeira. *Comunicación de datos ao Rexistro de Contratos do Sector Público.*

Os contratos adxudicados a partir do 1 de xaneiro de 2009 que teñan que ser comunicados ao Ministerio de Economía e Facenda para a súa inscrición no Rexistro Público de Contratos utilizarán, en todo caso, para a codificación do obxecto do contrato os códigos CPV aprobados polo Regulamento 213/2008/CE, do 28 de novembro de 2007.

O obxecto dos contratos adxudicados antes da dita data poderá ser codificado de acordo coa dita CPV ou de acordo coa CPA; o órgano comunicante destes deberá optar por un ou outro sistema de codificación para todos os contratos que se comuniquen ao Ministerio de Economía e Facenda a partir da entrada en vigor deste real decreto, indicando expresamente a opción elixida con anterioridade ou de modo simultáneo á primeira notificación que efectúe.

Os códigos correspondentes aos novos tipos de contratos, procedementos de adxudicación e demais información codificada modificada pola entrada en vigor da Lei de contratos do sector público axustaranse ao establecido no anexo III. O Ministerio de Economía e Facenda poderá, mediante orde, modificar no necesario os formatos e especificacións de comunicación de datos de contratos establecidos pola Orde EHA/1077/2005, do 31 de marzo, para as ditas remisións.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio das normas relativas ao Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado.*

Durante o prazo de seis meses desde a posta en funcionamento do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado, a capacidade dos empresarios poderá seguir acreditándose ante os órganos de contratación da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos mediante os certificados expedidos polos rexistros voluntarios de licitadores correspondentes ao seu ámbito.

O contido de tales rexistros poderá ser trasladado ao de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado mediante soporte informático que permita garantir a integridade e inalterabilidade dos datos.

Disposición transitoria terceira. *Mesas de contratación actualmente constituídas.*

As mesas de contratación de carácter permanente ou que teñan atribuída competencia respecto dunha pluralidade de contratos que se encontren constituídas no momento de entrada en vigor deste real decreto subsistirán coas mesmas competencias que teñan atribuídas, sen prexuízo de adaptar a súa actuación ás disposicións da Lei de contratos do sector público e ás deste real decreto.

Disposición transitoria cuarta. *Expedientes iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.*

Os expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor deste real decreto rexeranse pola normativa anterior. Para estes efectos entenderase que os expedientes de contratación foron iniciados se se tiver publicado a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato. No caso de procedementos negociados, para determinar o momento de iniciación tomarase en conta a data de aprobación dos pregos.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior categoría se opoñan ao disposto neste real decreto. En particular, quedan derogados os artigos 79, 114 ao 117 e os anexos VII, VIII e IX do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

Disposición derradeira primeira. *Normas de carácter básico e non básico.*

Os seguintes preceptos deste real decreto son normas básicas ditadas ao abeiro do artigo 149.1.18.^a da Constitución e en desenvolvemento do punto 2 da disposición derradeira sétima da Lei 30/2007, do 30 de outubro, e, en consecuencia, son de aplicación xeral a todas as administracións públicas comprendidas no seu artigo 3: o artigo 1, puntos 1, 2, 3, 4 e 5; artigo 2, puntos 1 e 2, salvo o último parágrafo do punto 1; artigos 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 25, 26, 27, 28, 29, 30 e 31; disposición adicional única e a disposición derradeira primeira.

Disposición derradeira segunda. *Modelos de anuncios en publicacións oficiais.*

Os anuncios de información previa, de licitación e de adxudicación de contratos axustaranse aos modelos incluídos no anexo II cando se teñan que publicar no «Boletín Oficial del Estado», e aos modelos incluídos no anexo III cando vaian ser obxecto de publicación no «Diario Oficial de la Unión Europea».

Disposición derradeira terceira. *Anexos I e II da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.*

De conformidade coa autorización conferida ao Consello de Ministros pola disposición adicional décimo terceira da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, modifícanse os anexos I e II da citada Lei de conformidade coa modificación introducida na Directiva 2004/18/CE polo artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 213/2008 da Comisión, aprobado o 28 de novembro de 2007. Na súa consecuencia, os mencionados anexos quedan redactados na forma que se recolle na sección primeira do apéndice deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Anexos I, II.A e II.B da Lei 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, o transporte e os servizos postais.*

As referencias que aos códigos CPV se realizan nos anexos I, II.A e II.B da Lei 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, o transporte e os servizos postais deberán entenderse feitas de conformidade cos novos anexos XII, XVII.A e XVII.B da Directiva 2004/17/CE modificados polo artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 213/2008 da Comisión, aprobado o 28 de novembro de 2007. Na súa consecuencia, as mencionadas referencias deberán entenderse feitas de conformidade co establecido na sección segunda do apéndice deste real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Modificación do artigo 179.1 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.*

O artigo 179.1 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 179. *Comprobación, recepción e liquidación das obras executadas pola Administración.*

1. As obras executadas pola Administración serán obxecto de recoñecemento e comprobación polo facultativo designado para o efecto e distinto do director delas. Cando o importe do investimento exceda os 50.000 euros, con exclusión do imposto sobre o valor engadido, deberase solicitar á Intervención Xeral a designación de delegado para a súa eventual asistencia á comprobación material do investimento, cunha antelación de vinte días á data prevista para ela.

O anterior será de aplicación aos supostos de fabricación de bens mobles pola Administración e execución de servizos coa colaboración de empresarios particulares.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación do artigo 28.4 do Real decreto 2188/1995, do 28 de decembro.*

Modifícase o artigo 28.4 do Real decreto 2188/1995, do 28 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de control interno exercido pola Intervención Xeral da Administración do Estado, e substitúese pola seguinte redacción:

«4. Os órganos xestores deberán solicitar da Intervención Xeral da Administración do Estado a designación de delegado para a súa asistencia á comprobación material do investimento cando o importe desta sexa igual ou superior a 50.000 euros, con exclusión do imposto sobre o valor engadido, cunha antelación de vinte días á data prevista para a recepción do investimento de que se trate.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación do Real decreto 706/1997, do 16 de maio, polo que se desenvolve o réxime de control interno da Intervención Xeral da Seguranza Social.*

O punto 4 do artigo 25 do Real decreto 706/1997, do 16 de maio, polo que se desenvolve o réxime de control interno da Intervención Xeral da Seguranza Social, queda redactado nos seguintes termos:

«4. Os órganos xestores deberán solicitar da Intervención Xeral da Seguranza Social a designación de delegado para a súa asistencia á comprobación material do investimento cando o importe desta sexa igual ou superior a 50.000 euros, cunha antelación de vinte días á data prevista para a recepción do investimento de que se trate.»

Disposición derradeira oitava. *Entrada en vigor.*

1. Sen prexuízo do establecido nas disposicións transitorias, este real decreto entrará en vigor transcorrido un mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. Non obstante isto, as disposicións deste real decreto reguladoras do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado entrarán en vigor a partir da publicación da orde ministerial que acorde a posta en funcionamento da aplicación informática desenvolvida para o efecto. Ata tal data subsistirán os rexistros voluntarios de licitadores creados nos diferentes órganos da Administración xeral do Estado, así como nos organismos dependentes desta ao abeiro do disposto na disposición adicional décimo quinta do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, así como o Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas.

Dado en Madrid o 8 de maio de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta segunda do Goberno
e ministra de Economía e Facenda,
ELENA SALGADO MÉNDEZ

ANEXO I

Comunicación de datos de contratos para a súa inscrición no Rexistro de Contratos do Sector Público

- I. Datos referidos á adxudicación do contrato.
 - a) Comúns para todos os contratos:
 - Tipo de contrato.
 - Ano do contrato.
 - Administración contratante.
 - Órgano contratante.
 - Código identificador do contrato.
 - Lugar de execución.
 - Obxecto do contrato.
 - Código CPV do obxecto do contrato.
 - Contratación por lotes (indicación).
 - Contrato mixto (indicación).
 - Acordo marco (indicación).
 - Contrato complementario (indicación).
 - Publicidade: diarios, boletíns ou medios empregados, e datas de publicación.
 - Tramitación ordinaria, urxente ou de emerxencia (indicación).
 - Procedemento de tramitación.
 - Importes do contrato (de licitación, de adxudicación, anualidades e importes unitarios, se é o caso).
 - Prazo de execución.
 - Carácter plurianual.
 - Revisión de prezos establecida.
 - Contratista.
 - Data de adxudicación.
 - Data de formalización.
 - b) Para os contratos de obras:
 - Fórmula ou fórmulas de revisión de prezos.
 - Clasificación exixida.
 - c) Para os contratos de concesión de obra pública:
 - Achegas públicas á construción.
 - Prazo da concesión.
 - d) Para os contratos de xestión de servizos públicos:
 - Modalidade da contratación, segundo se establecen no artigo 253 da lei.
 - Duración.
 - Modalidades que determinan o importe do contrato.
 - e) Para os contratos de subministración:
 - Tipo de contrato de subministración.
 - Prezos unitarios (se é o caso).
 - País de orixe dos produtos adquiridos.
 - f) Para os contratos de servizos:
 - Modalidade de determinación do prezo.
 - Clasificación exixida.
 - g) Para os contratos adxudicados por procedemento negociado:
 - Indicación do suposto de aplicación que amparou o uso do procedemento.
 - Número de invitacións cursadas.

II. Datos referidos ás modificacións, prórrogas, variacións de prazos ou de prezo do contrato.

a) Comúns para todos os contratos:

Código identificador do contrato.

Importe da modificación ou modificacións.

Variación de prazo de execución.

b) Para os contratos de concesión de obra pública:

Variación do prazo da concesión.

c) Para os contratos de xestión de servizos públicos:

Variación do prazo de duración.

III. Datos referidos ao importe final e extinción do contrato:

Importe final do contrato por todos os conceptos, referido ao momento da súa conclusión.

Causa de resolución (se é o caso).

Data de resolución (se é o caso).

ANEXO II

Modelos de anuncios de licitación e adjudicación dos contratos para a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado»

(Os formularios para inserción de anuncios no «Boletín Oficial del Estado» encóntranse dispoñibles na sede electrónica da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado: <http://www.boe.es>)

A. Modelo de anuncio previo de licitación de contratos

1. Entidade adjudicadora: datos xerais e datos para a obtención da información:

a) Organismo.

b) Dependencia que tramita o expediente.

c) Domicilio.

d) Localidade e código postal.

e) Teléfono.

f) Telefax.

g) Correo electrónico.

h) Enderezo da internet do perfil do contratante.

2. Obxecto do contrato e data prevista de inicio do procedemento de adjudicación:

a) Tipo.

b) Descrición.

c) División por lotes.

d) Lugar de execución.

e) Valor estimado.

f) Data prevista do inicio do proceso de adjudicación (se se coñece).

g) CPV (referencia de nomenclatura).

3. Outras informacións.

4. Data de envío do anuncio ao «Diario Oficial de la Unión Europea», se é o caso.

B. Modelo de anuncio para a licitación dos contratos

1. Entidade adjudicadora: datos xerais e datos para a obtención da información:

a) Organismo.

- b) Dependencia que tramita o expediente.
- c) Obtención de documentación e información:
 - 1) Dependencia.
 - 2) Domicilio.
 - 3) Localidade e código postal.
 - 4) Teléfono.
 - 5) Telefax.
 - 6) Correo electrónico.
 - 7) Enderezo da internet do perfil do contratante.
 - 8) Data límite de obtención de documentación e información.
- d) Número de expediente.
- 2. Obxecto do contrato:
 - a) Tipo.
 - b) Descrición.
 - c) División por lotes e número de lotes/número de unidades.
 - d) Lugar de execución/entrega:
 - 1) Domicilio.
 - 2) Localidade e código postal.
 - e) Prazo de execución/entrega.
 - f) Admisión de prórroga.
 - g) Establecemento dun acordo marco (se é o caso).
 - h) Sistema dinámico de adquisición (se é o caso).
 - i) CPV (referencia de nomenclatura).
- 3. Tramitación e procedemento:
 - a) Tramitación.
 - b) Procedemento.
 - c) Poxa electrónica.
 - d) Criterios de adxudicación, se é o caso.
- 4. Orzamento base de licitación:
 - a) Importe neto..... euros. IVE (%)..... Importe total..... euros.
- 5. Garantías exixidas. Provisional (importe)..... euros. Definitiva (%).....
- 6. Requisitos específicos do contratista:
 - a) Clasificación, se é o caso (grupo, subgrupo e categoría).
 - b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional, se é o caso.
 - c) Outros requisitos específicos.
 - d) Contratos reservados.
- 7. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:
 - a) Data límite de presentación.
 - b) Modalidade de presentación.
 - c) Lugar de presentación:
 - 1. Dependencia.
 - 2. Domicilio.
 - 3. Localidade e código postal.
 - 4. Enderezo electrónico.
 - d) Número previsto de empresas ás cales se pretende invitar a presentar ofertas (procedemento restrinxido).
 - e) Admisión de variantes, se procede.
 - f) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta.

8. Apertura de ofertas:
 - a) Enderezo.
 - b) Localidade e código postal.
 - c) Data e hora.
 9. Gastos de publicidade.
 10. Data de envío do anuncio ao «Diario Oficial de la Unión Europea» (se é o caso).
 11. Outras informacións.
- C. *Modelo de anuncio de adxudicación de contratos*
1. Entidade adxudicadora:
 - a) Organismo.
 - b) Dependencia que tramita o expediente.
 - c) Número de expediente.
 - d) Enderezo da internet do perfil do contratante.
 2. Obxecto do contrato:
 - a) Tipo.
 - b) Descrición.
 - c) Lote (se é o caso).
 - d) CPV (referencia de nomenclatura).
 - e) Acordo marco (se procede).
 - f) Sistema dinámico de adquisicións (se procede).
 - g) Medio de publicación do anuncio de licitación.
 - h) Data de publicación do anuncio de licitación.
 3. Tramitación e procedemento:
 - a) Tramitación.
 - b) Procedemento.
 4. Orzamento base de licitación. Importe neto..... euros. IVE (%)..... Importe total..... euros.
 5. Adxudicación:
 - a) Data.
 - b) Contratista.
 - c) Importe ou canon de adxudicación. Importe neto..... euros. IVE (%)..... Importe total..... euros.

ANEXO III

Modelos de anuncios de licitación e adxudicación dos contratos para a súa publicación no «Diario Oficial de las Comunidades Europeas»

(Os formularios poden ser descargados no enderezo da internet: http://simap.europa.eu/buyer/forms-standard_es.html e consultados no BOE na súa edición en castelán)

1. Anuncio de información previa aplicable nos contratos de obras, de subministración e de servizos (Directiva 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de subministración e de servizos).



UNIÓN EUROPEA

Publicación en el Suplemento al Diario Oficial de la Unión Europea

2, rue Mercier, L-2985 Luxemburgo

Fax: (352) 29 29 42 670

E-mail: mp-ojs@opoce.cec.eu.int

Información y formularios en línea: <http://simap.eu.int>

ANUNCIO DE INFORMACIÓN PREVIA

APARTADO I: PODER ADJUDICADOR

I.1) NOMBRE, DIRECCIONES Y PUNTOS DE CONTACTO

Nombre oficial:		
Dirección postal:		
Localidad:	Código postal:	País:
Punto(s) de contacto:		Teléfono:
A la atención de:		
Correo electrónico:		Fax:
Direcciones Internet (en su caso)		
Dirección del poder adjudicador (URL):		
Dirección del perfil de comprador (URL):		

Puede obtenerse más información en:	<input type="checkbox"/> Véanse los puntos de contacto mencionados arriba <input type="checkbox"/> Otros: <i>sírvase cumplimentar el anexo A.1</i>
-------------------------------------	---

I.2) TIPO DE PODER ADJUDICADOR Y PRINCIPAL(ES) ACTIVIDAD(ES)

<input type="checkbox"/> Ministerio o cualquier otra institución nacional o federal, incluidas sus delegaciones regionales o locales <input type="checkbox"/> Oficina/entidad nacional o federal <input type="checkbox"/> Institución regional o local <input type="checkbox"/> Oficina/entidad regional o local <input type="checkbox"/> Organismo de derecho público <input type="checkbox"/> Institución/organismo descentralizado europeo u organización internacional <input type="checkbox"/> Otros (<i>especifíquese</i>): _____	<input type="checkbox"/> Servicios generales de las administraciones públicas <input type="checkbox"/> Defensa <input type="checkbox"/> Orden público y seguridad <input type="checkbox"/> Medio ambiente <input type="checkbox"/> Economía y Hacienda <input type="checkbox"/> Salud <input type="checkbox"/> Vivienda y servicios para la colectividad <input type="checkbox"/> Protección social <input type="checkbox"/> Ocio, cultura y religión <input type="checkbox"/> Educación <input type="checkbox"/> Otros (<i>especifíquese</i>): _____
El poder adjudicador realiza su adquisición en nombre de otros poderes adjudicadores	
sí <input type="checkbox"/> no <input type="checkbox"/>	

APARTADO II.A: OBJETO DEL CONTRATO (*OBRAS*)

II.1) DENOMINACIÓN DEL CONTRATO ESTABLECIDA POR EL PODER ADJUDICADOR		

II.2) TIPO DE CONTRATO Y EMPLAZAMIENTO DE LAS OBRAS		
Emplazamiento principal de las obras: _____ Código NUTS: <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>		
II.3) EL PRESENTE ANUNCIO SE REFIERE A UN ACUERDO MARCO? sí <input type="checkbox"/> no <input type="checkbox"/>		
II.4) BREVE DESCRIPCIÓN DE LA NATURALEZA Y EL ALCANCE DE LAS OBRAS		

Si se conoce, coste estimado de las obras IVA excluido (<i>únicamente cifras</i>): _____ Moneda: _____		
o bien banda comprendida entre _____ y _____ Moneda: _____		
División en lotes (<i>para ofrecer información sobre los mismos, utilícese un ejemplar del anexo B para cada uno de los lotes</i>) sí <input type="checkbox"/> no <input type="checkbox"/>		
II.5) CLASIFICACIÓN CPV (VOCABULARIO COMÚN DE CONTRATOS PÚBLICOS)		
	Nomenclatura principal	Nomenclatura complementaria (<i>si procede</i>)
Objeto principal	<input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/>	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/>
Objeto(s) adicional(es)	<input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/>	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/>
	<input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/>	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/>
	<input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/>	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/>
	<input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/>	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/>
II.6) FECHA PREVISTA PARA EL INICIO DE LOS PROCEDIMIENTOS DE ADJUDICACIÓN Y DURACIÓN DEL CONTRATO		
Fecha prevista (<i>si se conoce</i>) para el inicio de los procedimientos de adjudicación <input type="text"/> <input type="text"/> / <input type="text"/> <input type="text"/> / <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> (<i>dd/mm/aaaa</i>)		
Periodo en meses: <input type="text"/> <input type="text"/> o días: <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> (a partir de la adjudicación del contrato)		
o bien fecha prevista (<i>si se conoce</i>) para el inicio de las obras <input type="text"/> <input type="text"/> / <input type="text"/> <input type="text"/> / <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> (<i>dd/mm/aaaa</i>) la ejecución de las obras <input type="text"/> <input type="text"/> / <input type="text"/> <input type="text"/> / <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> (<i>dd/mm/aaaa</i>)		
II.7) CONTRATO CUBIERTO POR EL ACUERDO SOBRE CONTRATACIÓN PÚBLICA (ACP) sí <input type="checkbox"/> no <input type="checkbox"/>		
II.8) INFORMACIÓN ADICIONAL (<i>si procede</i>)		

APARTADO II.B: OBJETO DEL CONTRATO (*SUMINISTRO O SERVICIOS*)

II.1) DENOMINACIÓN DEL CONTRATO ESTABLECIDA POR EL PODER ADJUDICADOR		
II.2) TIPO DE CONTRATO Y LUGAR DE ENTREGA O DE EJECUCIÓN <i>(Selecciónese una sola categoría —suministro o servicios— que corresponda mejor al objeto específico de su contrato o adquisición)</i>		
Suministro <input type="checkbox"/>	Servicios <input type="checkbox"/>	Categoría de servicio: n° <input type="text"/> <input type="text"/>
<i>(en el caso de las categorías 1-27, véase el anexo II de la Directiva 2004/18/CE)</i>		
Lugar principal de ejecución o entrega: _____		Código NUTS <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>
II.3) BREVE DESCRIPCIÓN DE LA NATURALEZA Y LA CANTIDAD O EL VALOR DE LOS SUMINISTROS O SERVICIOS <i>(en cada una de las categorías de servicios)</i>		
<i>Si se conoce, coste estimado IVA excluido (únicamente cifras):</i> _____		<i>Moneda:</i> _____
<i>O BIEN banda comprendida entre</i> _____ <i>y</i> _____		<i>Moneda:</i> _____
División en lotes <i>(para ofrecer información sobre los mismos, utilícese un ejemplar del anexo B para cada uno de los lotes)</i>		sí <input type="checkbox"/> no <input type="checkbox"/>
II.4) CLASIFICACIÓN CPV (VOCABULARIO COMÚN DE CONTRATOS PÚBLICOS)		
	Nomenclatura principal	Nomenclatura complementaria (si procede)
Objeto principal	<input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/>	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/>
Objeto(s) adicional(es)	<input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/>	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/>
	<input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/>	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/>
	<input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/>	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/>
	<input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> . <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/>	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> - <input type="text"/>
II.5) FECHA PREVISTA PARA EL INICIO DE LOS PROCEDIMIENTOS DE ADJUDICACIÓN <i>(si se conoce)</i>		<input type="text"/> <input type="text"/> / <input type="text"/> <input type="text"/> / <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <i>(dd/mm/aaaa)</i>
II.6) CONTRATO CUBIERTO POR EL ACUERDO SOBRE CONTRATACIÓN PÚBLICA (ACP)		sí <input type="checkbox"/> no <input type="checkbox"/>
II.7) INFORMACIÓN ADICIONAL <i>(si procede)</i>		

----- *(Utilícese el número de ejemplares del presente apartado que sean necesarios)* -----
—pero no mezclar suministro y servicios en la parte II.2

APARTADO III: INFORMACIÓN DE CARÁCTER JURÍDICO, ECONÓMICO, FINANCIERO Y TÉCNICO

III.1) CONDICIONES RELATIVAS AL CONTRATO	
III.1.1) Principales condiciones de financiación y de pago y/o referencia a las disposiciones que las regulan <i>(si se conocen; ofrézcase información únicamente en el caso de los contratos de obras):</i>	
<hr/> <hr/>	
III.2) CONDICIONES DE PARTICIPACIÓN	
III.2.1) Contratos reservados <i>(en su caso)</i>	sí <input type="checkbox"/> no <input type="checkbox"/>
El contrato está reservado a talleres protegidos	<input type="checkbox"/>
La ejecución del contrato está reservada a los programas de empleo protegido	<input type="checkbox"/>

APARTADO VI: INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

VI.1) SE RELACIONA EL CONTRATO CON UN PROYECTO O PROGRAMA FINANCIADO MEDIANTE FONDOS COMUNITARIOS?	sí <input type="checkbox"/> no <input type="checkbox"/>
En caso de respuesta afirmativa, referencia de los proyectos o programas:	
<hr/> <hr/> <hr/>	
VI.2) INFORMACIÓN ADICIONAL <i>(si procede)</i>	
<hr/> <hr/> <hr/>	
